

Rúa Marina nº 52
Tlfn: 677791430
15124-MUXÍA (A Coruña)

asoprote@gmail.com



ACTA Nº 2 DA XUNTA ELECTORAL

En Bergondo, na sede da Xunta Electoral da Asociación Provincial de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil de A Coruña, sita en Pgn de Bergondo , C/Pq de Guisamo S/N -15165 Bergondo as 17:00 h, do día 23 de outubro do ano en curso , reúnen se:

D. J. Antonio González del Oso (AVPC Muxia) Presidente.

Dona Oliva García Trasancos (AVPC Bergondo) Secretaria.

D. Juan Manuel Corral Sánchez (AVPC Boqueixón) Vogal.

Procede se a aprobar os puntos da orde do día prefixada:

Reclamación as candidaturas e Proclamación de Candidatos a Presidencia da Asociación Provincial de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil de A Coruña.

ANTECEDENTES:

6 de outubro 2020 convocase Proceso Electoral.

16 de outubro de 2020 reciben se en tempo e prazo, as candidaturas cos seus correspondentes avais para a elección do cargo de Presidente da Asociación Provincial de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil de A Coruña de:

- D. Jose Manuel López Blanco con DNI: 76353980-Y (Avpc Arteixo)
- D. Juan Manuel Barca Añón con DNI: 52434437-A (Avpc Carballo)

19 de outubro 2020 revisase a documentación aportada polos candidatos e procede se a lexitimar os avais presentados por cada una das candidaturas, e resolve se :

Non admitir a candidatura de D. José Manuel López Blanco por non reunir os 15 avais necesarios para a presentación da candidatura tal e como consta no Art. 24º Procedemento de Elección, dos Estatutos aprobados e rexistrados legalmente da Asociación Provincial de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil de A Coruña.

Aceptar a candidatura de D. Juan Manuel Barca Añón, cun total de 51 avais.

21 outubro 2020 sendo as 11:41 horas recíbese, en tempo e forma, Recurso contra a decisión tomada pola Xunta Electoral presentado por D. José Manuel López Blanco no que fai constar:

- En canto os avais anulados, comprobación da persoa lexitimada para asinar e representar a AVPC Carral, e admitir o aval da AVPC de Cambre por ser él quen presentou o documento.

Con data do 21 de outubro Dona Florinda Duarte Gerpe, acredita a representación da Avpc de Carral como Presidenta da entidade segundo consta no artigo 50º punto catro (4) do Decreto 56/2000 normativa que regula as agrupacións de Voluntarios de Protección Civil en Galicia.

Aval Avpc Cambre. Non figura o nome do candidato a avalar .

- En canto o Proceso electoral D. José Manuel López Blanco expón textualmente “En el artículo 24.3, describe un paso que no se ha efectuado dado que desde la fecha hasta a votación no queda un mes.”

Os Estatutos da Asociación Provincial de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de protección Civil de A Coruña, rexistrada esta co nº 2001/5.670-1ª no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, nos que se fai constar no seu artigo 24 o Procedemento electoral son os que rixen esta Asociación e están legalizados polo organismo competente. Este documento é Público e está a disposición dos Asociados.

No citado artigo 24º no punto 5 consta e citamos textualmente” A convocatoria anunciarase con vintecinco (25) días de antelación, como mínimo, a data da celebración das Eleccións.”

A Xunta Electoral publica a convocatoria de Eleccións o día 6 de Outubro 2020, e o calendario Electoral reflexa as votacións para o día 1 de novembro 2020.

Asemade dando contestación o mencionado no recurso presentado por D. José Manuel López Blanco sobre a obrigatoriedade de proporcionar os contactos das Agrupacións Censadas, con data de outubro faise publico o Censo Electoral.

O Procedemento electoral da Asociación provincial de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil de A Coruña está regulado nos Estatutos da entidade votados democraticamente pola Asamblea debidamente constituída e rexistrados no organismo competente.

A documentación do proceso electoral en curso está baixo a custodia da Xunta Electoral e pode ser comprobada por calquera asociado que así o solicite polos cauces acordados, sempre en presenza dos custodios.

21 outubro 2020 sendo as 17:27 horas recíbese, en tempo e forma, Recurso contra a decisión adoptada pola Xunta Electoral de Dona Florinda Duarte Gerpe no que fai constar e acredita a representación como presidenta da Avpc de Carral, e solicita que a Xunta Electoral admita o seu aval a favor da Candidatura de D. Juan Manuel Barca Añón.

RESOLVE:

1. Denegar a recurso efectuado por D. Jose Manuel López Blanco.
2. Aprobar o recurso presentado por Dona Florinda Duarte Gerpe (AVPC de Carral), polo que se lle concede un aval mais a candidatura presentada por D. Juan Manuel Barca Añón

Contra esta resolución non cabe reclamación ningunha según consta no Art.24 , pto2

Sendo as 17:25 horas, sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión asinando os asistentes a acta en sinal de conformidade co que nela se acorda.

O Presidente

A Secretaria

O Vogal

Antonio Glez del Oso

Oliva García Trasancos

Juan M. Corral Sánchez